



### CONCELLOS

#### BEGONTE

##### Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 7 de marzo de 2023, o expediente de modificación de créditos núm. 3 /2023 (1º de competencia do pleno), dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de Trescentos vinte oito mil seiscentos trinta (328.630,00) euros, e transcurrido o prazo dos quince días hábiles, contados a partir da inserción do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, sin que se tivesen presentado reclamacións, o mesmo entenderase elevado a definitivo, quedando o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido orzamento, da seguinte forma:

Cap. 1.- Remuneracións de persoal.	1.008.754,66 €.
Cap. 2.- Compra de bens correntes e de servizos.	1.729.719,28 “
Cap. 3.- Gastos financeiros.	3.400,69 “
Cap. 4.- Transferencias correntes.	235.495,00 “
Cap. 5.- Fondo de Continxencia.	0,00 “
Cap. 6.- Inversións reais.	1.653.856,66 “
Cap. 7.- Transferencias de capital.	15.000,00 “
Cap. 8.- Variación de activos financeiros.	0,00 “
Cap. 9.- Variación de pasivos financeiros.	0,00 “
<b>SUMA TOTAL.....</b>	<b>4.646.226,29 €</b>

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Begonte, 3 de abril de 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0996

### CASTRO DE REI

##### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Pola Corporación en Pleno, na sesión ordinaria celebrada o día 17 de marzo de 2023, prestouse aprobación inicial a:

- **ORDENACIÓN E IMPOSICIÓN DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE. E**

- **ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE.**

En cumprimento do disposto no artigo 49.b da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local e no artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei de Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de trinta días, contados desde o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de presentación de reclamacións e suxestións. Podendo examinarse o expediente nas oficinas municipais, durante dito prazo no horario de atención ó público.

Castro de Rei, 28 de marzo de 2023.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 0944

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Pola Corporación en Pleno, na sesión ordinaria celebrada o día 17 de marzo de 2023, prestouse aprobación inicial a:

- **ORDENACIÓN E IMPOSICIÓN DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS DO CONCELLO DE CASTRO DE REI. E**

- **ORDENANZA FISCAL POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS DO CONCELLO DE CASTRO DE REI.**

En cumprimento do disposto no artigo 49.b da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local e no artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei de Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de trinta días, contados desde o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de presentación de reclamacións e suxestións. Podendo examinarse o expediente nas oficinas municipais, durante dito prazo no horario de atención ó público.

Castro de Rei, 28 de marzo de 2023.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 0945

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Pola Corporación en Pleno, na sesión ordinaria celebrada o día 17 de marzo de 2023, prestouse aprobación inicial ó:

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ENTRADAS DE VEHICULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, CARGA E DESCARGA DE MERCANCIAS DE CALQUERA CLASE.**

En cumprimento do disposto no artigo 49.b da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local, sométese a información pública por prazo de trinta días, contados desde o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de presentación de reclamacións e suxestións. Podendo examinarse o expediente nas oficinas municipais, durante dito prazo no horario de atención ó público.

Castro de Rei, 28 de marzo de 2023.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 0946

---

**O PÁRAMO**

*Anuncio*

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS AO PROCESO DE SELECCIÓN DE 1 PRAZA AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, PERSOAL LABORA FIXO**

Vistas as Bases para a cobertura mediante concurso de 1 praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local para o Concello de O Páramo, Persoal Laboral Fixo, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración incluída na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021

Vista a relación provisional de admitidos e excluídos aprobada por Resolución de Alcaldía de data 14 de Febreiro de 2023 publicada na sede electrónica <http://concellodeparamo.sedelectronica.gal>, no taboleiro de anuncios e no BOP de Lugo n.º 44 de 23 de Febreiro de 2023

Examinadas as alegacións presentadas polos aspirantes

**RESOLVO**

PRIMEIRO. Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada:

NOME E APELIDOS	D.N.I	PROBA GALEGO
María Cruz Rodríguez Vázquez	***3685**	NON
María Soledad González Neira	***3043**	NON

**SEGUNDO:** Designar como membros do Tribunal que debe xulgar as correspondentes probas a:

- Presidenta: Dona Lara Riveira Fernández. Cuerpo Superior Administración Xunta de Galicia

Suplente: Dona Ana Isabel Candame Areosa. Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

- Secretaria: Dona Carolina Cortón Fernández. Secretaria-Interventora do Concello do Páramo.

Suplente: Dona Paula M<sup>o</sup> Suárez Cotelo. Secretaria-Interventora do Concello de Cervantes.

- Vogal 1<sup>o</sup>: Dona María Belén López López. Secretaria-Interventora do Concello de A Pastoriza.

Suplente: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil. Secretario-Interventor do Concello do Corgo.

- Vogal 2<sup>o</sup>: Dona María Jesús Grandío Río . Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

Suplente: Dona María Isabel Pérez Barrio. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Palas de Rei.

-Vogal 3<sup>o</sup>: Dona Nadia Díaz Vázquez. Secretaria-Interventora Agrupación Taboada-Guntín

-Suplente: Dona Ruth López-Mosquera García. Secretaria-Interventora Concello de Paradela.

**CUARTO.** A baremación dos méritos dos aspirantes propostos efectuarase o día 11 de abril de 2023, ás 10:30 horas, no Concello do Páramo.

**QUINTO.** Publicar a relación definitiva de admitidos e excluídos, no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello <http://concellodeparamo.sedelectronica.gal> e no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión.

O Páramo, a 29 de marzo de 2023.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 0947

### Anuncio

#### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS AO PROCESO DE SELECCIÓN DE 1 PRAZA DE LIMPIADOR/A DEPENDENCIAS MUNICIPAIS, PERSOAL LABORA FIXO**

Vistas as Bases para a cobertura mediante concurso de 1 praza de limpiador/a dependencias municipais para o Concello de O Páramo, Persoal Laboral Fixo, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración incluída na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021

Vista a relación provisional de admitidos e excluídos aprobada por Resolución de Alcaldía de data 14 de Febreiro de 2023 publicada na sede electrónica <http://concellodeparamo.sedelectronica.gal>, no taboleiro de anuncios e no BOP de Lugo n.º 44 de 23 de Febreiro de 2023

Examinadas as alegacións presentadas polos aspirantes

#### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada:

#### **ADMITIDOS**

NOME E APELIDOS	D.N.I	PROBA GALEGO
Elena González Jove	***4246**	Non
Mirian Díaz Sández	***4885**	Non
Patricia Díaz Sández	***3647**	Non
Patricia Díaz Barreiro	***7972**	Si
Mónica Barreiro Rodríguez	***2903**	Si
Verónica Díaz Barreiro	***0903**	Si

**EXCLUIDOS**

Ningún

**SEGUNDO:** Designar como membros do Tribunal que debe xulgar as correspondentes probas a:

- Presidenta: Dona Lara Riveira Fernández. Cuerpo Superior Administración Xunta de Galicia

Suplente: Dona Ana Isabel Candame Areosa. Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

- Secretaria: Dona Carolina Cortón Fernández. Secretaria-Interventora do Concello do Páramo.

Suplente: Dona Paula M<sup>o</sup> Suárez Cotelo. Secretaria-Interventora do Concello de Cervantes.- Vogal 1<sup>o</sup>: Dona María Belén López López. Secretaria-Interventora do Concello de A Pastoriza.

Suplente: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil. Secretario-Interventor do Concello do Corgo.

- Vogal 2<sup>o</sup>: Dona María Jesús Grandío Río. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

Suplente: Dona María Isabel Pérez Barrio. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Palas de Rei

-Vogal 3<sup>o</sup>: Dona María Carmen Prieto Rojo. Traballadora social do Concello de O Páramo

-Suplente: Dona Nadia Díaz Vázquez Secretaria-Interventora Agrupación Taboada-Guntín

**CUARTO.** A baremación dos méritos dos aspirantes propostos efectuarase o día 11 de abril de 2023, ás 10:30 horas, no Concello do Páramo.**QUINTO.** Publicar a relación definitiva de admitidos e excluídos, no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello <http://concellodeparamo.sedelectronica.gal> e no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión.

O Páramo, 29 de marzo de 2023.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 0948

*Anuncio***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS AO PROCESO DE SELECCIÓN DE 6 PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, MEDIANTE CONCURSO, PERSOAL LABORAL FIXO**

Vistas as Bases para a cobertura mediante concurso de 6 prazas de auxiliar de axuda no fogar, para o Concello de O Páramo, Persoal Laboral Fixo, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración incluída na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021

Vista a relación provisional de admitidos e excluídos aprobada por Resolución de Alcaldía de data 14 de Febreiro de 2023 publicada na sede electrónica <http://concellodeparamo.sedelectronica.gal>, no taboleiro de anuncios e no BOP de Lugo n.º 44 de 23 de Febreiro de 2023

Examinadas as alegacións presentadas polos aspirantes

**RESOLVO****PRIMEIRO.** Aprobar a seguinte relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos:**ADMITIDOS**

NOME E APELIDOS	D.N.I	PROBA GALEGO
Mirian Díaz Sánchez	***4885**	NON
Nuria Olmo López	***6730**	NON
Pacita Mon Blanco	***0501**	NON
María Carmen Liz Vázquez	***3324**	NON
Eva Díaz López	***4604**	NON
Yolanda Neira García	***7795**	NON
María Carmen Zolle Díaz	***0436**	SI

María Begoña Sampedro	***7749**	SI
María Rodríguez Vázquez	***4039**	NON
María José Pérez López	***3686**	NON
Julia Dorado Duro	***3564**	NON

**EXCLUIDOS**

Ningún

**SEGUNDO:** Designar como membros do Tribunal que debe xulgar as correspondentes probas a:

- Presidenta: Dona Lara Riveira Fernández. Corpo Superior Administración Xunta de Galicia

Suplente: Dona Ana Isabel Candame Areosa. Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

- Secretaria: Dona Carolina Cortón Fernández. Secretaria-Interventora do Concello do Páramo.

Suplente: Dona Paula M<sup>o</sup> Suárez Cotelo. Secretaria-Interventora do Concello de Cervantes.

- Vogal 1<sup>o</sup>: Dona María Belén López López. Secretaria-Interventora do Concello de A Pastoriza.

Suplente: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil. Secretario-Interventor do Concello do Corgo.

- Vogal 2<sup>o</sup>: Dona María Jesús Grandío Río . Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

Suplente: Dona María Isabel Pérez Barrio. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Palas de Rei

-Vogal 3<sup>o</sup>: Dona María Carmen Prieto Rojo. Traballadora social do Concello de O Páramo

-Suplente: Dona Nadia Díaz Vázquez Secretaria-Interventora Agrupación Taboada-Guntín

**CUARTO.** A baremación dos méritos dos aspirantes propostos efectuarase o día 11 de abril de 2023, ás 10:30 horas, no Concello do Páramo.

**QUINTO.** Publicar a relación definitiva de admitidos e excluídos, no Boletín Oficial da Provincia ,na sede electrónica deste Concello <http://concellodeparamo.sedelectronica.gal> e no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión.

O Páramo, a 29 de marzo de 2023.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 0949

*Anuncio*

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno deste Concello, de data 28 de marzo de 2023, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o persoal de persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2023, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

O Páramo, 29 de marzo de 2023.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 0950

**RIBADEO***Anuncio*

O Pleno do Concello con data 16 de febreiro de 2023 aprobou inicialmente o documento de modificacións da RPT municipal do Concello de Ribadeo.

Foi sometido a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 45 de data 24 de febreiro de 2023 e mais no tablón de anuncios e sede electrónica da web municipal: [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal) sen que,

durante o período regulamentario se formularan alegacións ou reclamacións segundo consta en certificación estendida no expediente, considerándose por isto aprobado definitivamente o documento indicado.

En cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia publícase a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) de referencia segundo se detalla a continuación:

Contra a aprobación definitiva da modificación da RPT sinalada poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses.

Previamente cabe interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que dictou o acordo no prazo dun mes.

**CENTRO DIRECTIVO OU UNIDADE ADMINISTRATIVA: 04 SERVICIOS SOCIAIS.**

Cód.	Denom. Posto	Dot	Nivel CD	CE mes	Tipo Posto	F.P.	Admón.	Grupo	Escala	Titulac.	Observac
0410	Auxiliar axuda fogar	7	-	-	-	Adscrición	AL	Equiparado a "E" AA.PP.	LAE		T.completo e tempo parcial
411	Terapeuta ocupacional	1	--	--	--	Adscrición	AL	Equip. A2	LAE		Tempo parcial
412	Oficial mantemento	1	--	--	--	Adscrición	AL	Equipara C2	LAE		Tempo parcial
413	ATS	1	--	--	--	Adscrición	AL	Equipar A2	LAE		
414	Limpiadora	1	--	--	--	Adscrición	AL	Equipar "E" AA.PP	LAE		

**0410.H.A. Auxiliares de axuda no fogar.-**

Correspóndenlle as funcións xenéricas dos traballadores domésticos, e especificamente as asignadas dentro do programa social de axuda no fogar, baixo a dirección inmediata dos responsables municipais dos Servizos Sociais.

Colaborar en todas as tarefas necesarias para a elaboración das comidas cando así lle sexa requirido, realizar tarefas de limpeza e mantemento da vivenda para estar en adecuado estado de conservación e hixiene, tarefas de apoio administrativo que lle fosen requiridas polos Servizos Sociais municipais, tarefas de lavado e planchado de roupa, e demais que veñan atribuídas pola normativa reguladora de servizos sociais ou derivadas da normativa de dependencia ou que se diten en desenvolvemento da mesma.

Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

**0411.H.A. Terapeuta Ocupacional.-**

Correspóndenlle as funcións xenéricas atribuídas por titulación a estes traballadores e especificamente as asignadas dentro do programa social de axuda / asistencia no fogar, baixo a dirección inmediata dos responsables municipais dos Servizos Sociais.

Colaborar en todas as tarefas necesarias que lle fosen requiridas polos Servizos Sociais municipais, e demais que veñan atribuídas pola normativa reguladora de servizos sociais ou derivadas da normativa de dependencia ou que se diten en desenvolvemento da mesma.

Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

**0412.H.A. Oficial mantemento.-**

Correspóndenlle as funcións xenéricas de arranxos e mantemento nas instalacións municipais e especificamente as asignadas dentro do programa social de axuda / asistencia no fogar, baixo a dirección inmediata dos responsables municipais de Servizos Sociais.

Colaborar en todas as tarefas necesarias que lle fosen requiridas polos Servizos Sociais municipais, e demais que veñan atribuídas pola normativa reguladora de servizos sociais ou derivadas da normativa de dependencia ou que se diten en desenvolvemento da mesma.

**0413. H.A. ATS.-**

Correspóndenlle as funcións xenéricas atribuídas por titulación a estes traballadores e especificamente as asignadas dentro do programa social de axuda / asistencia no fogar, baixo a dirección inmediata dos responsables municipais dos servizos sociais.

Colaborar en todas as tarefas necesarias que lle fosen requiridas polos Servizos Sociais municipais, e demais que veñan atribuídas pola normativa reguladora de servizos sociais ou derivadas da normativa de dependencia ou que se diten en desenvolvemento da mesma.

**0414.H.A. Limpiadora.-**

Correspóndenlle as funcións xenéricas de limpeza de inmobles municipais e especificamente as asignadas dentro do programa social de axuda / asistencia no fogar, baixo a dirección inmediata dos responsables municipais dos servizos sociais.

Colaborar en todas as tarefas necesarias que lle fosen requiridas polos Servizos Sociais municipais, e demais que veñan atribuídas pola normativa reguladora de servizos sociais ou derivadas da normativa de dependencia ou que se diten en desenvolvemento da mesma.

Ribadeo, 29 de marzo de 2023.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 0951

**VILALBA***Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía n.º 2023-0182 resolviase aprobar as Cláusulas que han de rexer a licitación, polo procedemento de poxa aberta ("a la llana"), para o outorgamento de licenza de uso común especial por ocupación temporal e explotación de espazos de dominio público municipal para instalacións de expendición de bebida e comida nos recintos de celebración do Festival de Música Independente de Vilalba, FIV 2023. Por medio do presente anuncio e de conformidade coa parte resolutiva do Decreto referenciado, procédese á publicación íntegra das Bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. O texto íntegro estará igualmente dispoñible no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Vilalba [<https://vilalba.sedelectronica.es>].

Vilalba, 3 de abril de 2023. A Alcaldesa, María Elba Veleiro Fernández.

**CLÁUSULAS QUE HAN DE REXER A LICITACIÓN, POLO PROCEDIMENTO DE POXA ABERTA ("PUJA A LA LLANA"), PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZA DE USO COMÚN ESPECIAL POR OCUPACIÓN TEMPORAL E EXPLOTACIÓN DE ESPAZOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL DURANTE O FIV (FESTIVAL INDEPENDENTE DE VILALBA) 2023. (EXPTE. 706/2023).**

**CLÁUSULA PRIMEIRA.- Obxecto.**

O obxecto do presente documento é a regulación do procedemento para o outorgamento de licenzas de uso común especial de bens de dominio público para instalacións de expendición de bebida e comida nos recintos de celebración do Festival de Música Independente de Vilalba, FIV 2023.

Atendendo ás características da ocupación, as súas condicións e forma de retribución á Administración titular do ben, así como o fin de explotación a realizar, atopámonos ante un uso común especial a adjudicar mediante licenza, acorde co disposto no artigo 75.1b) en relación co 77.2 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de conformidade co seu artigo 9.

Detectándose en consultas preliminares a existencia de varios operadores económicos interesados, sométese a un réxime de concorrencia ao estar limitado o número de licenzas, optándose, en atención ás características da licitación e posibles concorrentes, polo sistema de poxa aberta singularizada en lotes por barra para a venda de bebida ou instalacións para a venda de comida nos diferentes espazos habilitados.

**CLÁUSULA SEGUNDA.- Instalacións.**

As instalacións sobre o dominio público serán sempre desmontábeis e consistirán en diversas infraestruturas para prestar servizos integrados dentro da organización do FIV 2023.

Estas infraestruturas estarán situadas en distintos lugares do termo municipal onde vanse desenvolver actividades e eventos musicais, nomeadamente no Campo da Feira e na Praza da Constitución.

**Especificacións comúns para todas as instalacións:**

- Deberán contar con material de servizo para a atención dos asistentes axeitados ás demandas destes (vasos e envases de diferentes tamaños e medidas, etc) así como a infraestrutura necesaria para a boa prestación do servizo de bebidas ou comida demandado (neveiras, refrixeradores, etc).

- Deberán contar con vasos ou envases retornables ou material sostible.
- Variedade dos produtos (tanto de bebidas, alcohólicas como non alcohólicas, refrescos, auga, zumes, e variedade de comida rápida, fría, quente, vexetariana, sen gluten, etc)
- A iluminación deberá ser adecuada ao servizo que se presta.
- Para a inserción de calquera anuncio e/ou publicidade deberá contar coa previa autorización do Concello de Vilalba, como entidade organizadora do FIV 2023, agás os referidos ó propio adxudicatario.

#### **CLÁUSULA TERCEIRA.- Duración da ocupación.**

A duración da autorización será a determinada en cada un dos lotes, en correspondencia co programa de actuacións do festival, en todo caso, o tempo que sexa necesario para montar e desmontar as infraestruturas físicas.

#### **CLÁUSULA CUARTA.- Facultades e deberes. Obrigacións do adxudicatario. Condicións especiais de execución.**

A autorización estará suxeita ás seguintes condicións:

I. O Concello resérvase a facultade de inspeccionar os espazos obxecto da autorización, as instalacións e as súas dimensións, seguridade, hixiene, iluminación, etc., a través dos Servizos Técnicos Municipais.; así como de supervisar que os adxudicatarios cumpran coas condicións recollidas no presente documento e as das súas ofertas respecto ao servizo ofrecido, produtos, calidades, horarios, subministracións, prezos, etc.

II. O Concello resérvase o dereito de modificar as localizacións dos espazos ante causas sobrevindas ou imprevistas, que en todo caso, atoparanse dentro do núcleo urbano e colindantes aos espazos de celebración dos concertos.

III. Queda expresamente prohibido calquera uso distinto do previsto no presente documento dos espazos autorizados, así como o do subarrendamento, cesión, traspaso, ou alugueiro de calquera tipo e asumir calquera gravame ou servidume amparados en algunha figura xurídica similar, todo o anterior referido ao obxecto desta licitación. De producirse algún destes casos, a autorización administrativa quedará automaticamente resolta, sen dereito a rescate por parte do adxudicatario da cantidade económica depositada como fianza ou garantía e sen que proceda aboar indemnización.

IV. Os adxudicatarios comprométese coa súa participación na licitación a:

a) Á asunción dos gastos de conservación, limpeza e mantemento dos espazos autorizados, así como o pago de impostos, taxas e resto de tributos pola actividade económica realizada, no seu caso. Tamén asumirá o compromiso de utilizar o ben segundo a súa natureza de dominio público e entregalo no estado en que se recibe.

b) Á previa obtención á súa costa de cantas licenzas, permisos e autorizacións requira o uso do ben ou o exercicio da actividade a realizar sobre o mesmo, incluída a montaxe e desmontaxe da instalación.

c) Á asunción da responsabilidade civil e danos a terceiros derivada da ocupación e explotación, debendo de contar cunha póliza de seguro de responsabilidade civil por valor mínimo de **200.000,00 €** antes da firma do documento administrativo da autorización, para o LOTE 1 e de **50.000,00 €** para o LOTE 2.

d) Ao pago do canon ofertado nesta licitación con anterioridade á ocupación dos espazos.

e) A teren instaladas as barras e postos de comida coa antelación suficiente para a correcta instrumentalización da autorización de dominio público; e a deixar libres e expeditas as instalacións, a disposición do Concello. En todo caso a instalación está suxeita ás instrucións da organización do Festival.

f) Deberá cumprir e facer cumprir durante o uso da autorización a normativa sobre Seguridade e Saúde e de Prevención de Riscos Laborais. Así mesmo, os adxudicatarios estarán obrigados ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo. O incumprimento destas obrigas ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal designado polos adxudicatarios, non implicará responsabilidade algunha para o Concello. O persoal contratado para a prestación do servizo non terá ningún tipo de relación laboral e/ou contractual co Concello de Vilalba, non adquiríndose ningún tipo de prerrogativa ou dereito como consecuencia de dita contratación.

g) Deberanse manter en perfecto estado as instalacións obxecto da autorización, con rigorosa observancia de todas as medidas hixiénico-sanitarias precisas, que deberán aplicarse, así mesmo, aos distintos aparellos a utilizar. Especificamente, deberán de dar cumprimento á normativa e protocolos vixentes no momento da ocupación dos espazos públicos, e durante o tempo de duración desta, en materia de seguridade, sanidade e saúde.

h) Estará prohibida a venda de bebidas alcohólicas e tabaco a persoas menores de idade.

i) Deberán sinalar un enderezo para os efectos de notificacións e comunicacións e un teléfono de contacto, onde se practicarán as mesmas.



l) A persoa adxudicataria deberá entregar e manter actualizada unha listaxe dos seus empregados, coa finalidade de que a organización do festival informe aos encargados do control de acceso ó FIV 2023.

m) Os prezos máximos nas barras de bar serán os seguintes:

- Café: 1,5 €
- Auga: 1,5 € (0,5 cl)
- Refrescos Mediano; 3 € (0,33 cl)
- Refresco Grande; 4 € (0,50 cl)
- Cervexa 33 cl: 3 €
- Cervexa Mediana 1/2 L: 4 €
- Cervexa Litro; 6 €
- Combinado Tubo; 5 €
- Combinado 1/2 l; 7 €
- Combinado Litro; 12 €
- Vasos de promoción do festival, de calquera tamaño; 1 €

Calquera formato de distinto volume deberá respectar de forma proporcional o prezo ofertado.

Os prezos de produtos non incluídos na anterior listaxe serán de libre oferta por parte do adxudicatario dentro dos parámetros de prezos de mercado existentes para os mesmos.

*O adxudicatario e a organización poderán acordar, por motivos de seguridade e simplicidade na xestión da actividade, a substitución do diñeiro físico por outra unidade de valor (pulseiras con chip, tokens, etc.).*

#### **CLÁUSULA QUINTA.- Dereitos do adxudicatario.**

Serán dereitos do adxudicatario:

Usar o ben de dominio público e solicitar do Concello, se é necesario, o mantemento da pacífica posesión contra calquera perturbación que de feito se lle cause.

A organización, o Concello de Vilalba, faise cargo de:

- A habilitación de espazos e instalacións para almacenaxe dos produtos de venda.
- A conexión eléctrica.
- A instalación e retirada de colectores de lixo.

#### **CLÁUSULA SEXTA.- Órgano competente para o outorgamento da autorización ou licenza.**

A competencia para o outorgamento das correspondentes autorizacións vén atribuída á Alcaldía polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 do 2 de abril. Con todo, trátase dunha atribución delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto de Alcaldía n.º 684/2021, do 29 de outubro.

Devandito órgano ten facultade para outorgar a autorización e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca a súa execución, modificala e acordar a súa resolución, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do autorizado á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

#### **CLÁUSULA SÉTIMA.- Procedemento de selección.**

i. Atendidas as razóns que motivan a presente autorización, a selección do adxudicatario efectuarase mediante o sistema de poxa aberta ("puja a la llana"), a celebrar en acto público no Salón de Plenos do Concello de Vilalba, o día 18 de abril de 2023, ás 10:00 horas. A poxa versará sobre un tipo expresado en diñeiro, con adxudicación ao licitador que oferte o prezo máis alto.

ii. Darase a publicidade adecuada ao procedemento de licitación da poxa, polo que o mesmo anunciarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios municipal [<https://vilalba.sedelectronica.es/board>], outorgando prazo para que todos aqueles interesados poidan solicitar a participación na poxa de conformidade co modelo que figura como anexo I, á que haberán de achegar a documentación seguinte:

##### A) Documentación acreditativa da personalidade xurídica do empresario.

- A-1) **Empresario individual:** Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
- A-2) **Persoas xurídicas:**

- Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.
- Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.
- Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (NIF).

B) Documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello, e da Seguridade Social.

C) Alta no IAE.

D) Alta de autónomo na Seguridade Social, no caso de persoas físicas, e como Empresa con obxecto adecuado no caso de persoas xurídicas.

**Prazo de inscrición previa.** As solicitudes, xunto coa documentación preceptiva, poderán presentarse ata o día 14 de abril de 2023 no Rexistro Xeral deste Concello, ou a través de calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

iii. **A Presidencia da Mesa requirirá aos licitadores admitidos, previa verificación da documentación administrativa, para que de viva voz formulen as súas posturas á alza da inicial. Non se admitirán propostas que non cubran o tipo de saída, debendo ser as poxas de 50 en 50 euros. As posturas continuarán ata que deixen de facerse proposicións, declarándose mellor rematante á licitación que realizase a postura máis alta.**

**O remate final realizarase cando o Presidente da Mesa anuncie a oferta do mellor ofertante por tres veces sen que ningún dos outros ofertantes realice unha oferta que a supere.**

**Finalizada a poxa, a Mesa remitirá ao órgano competente, xunto coa Acta, a correspondente proposta de autorización.**

Con carácter previo ao outorgamento da licenza a Administración requirirá ao empresario que puidese resultar adxudicatario para que achegue a documentación seguinte:

- Documento acreditativo do ingreso do canon (prezo final de remate) na conta titularidade do Concello de Vilalba con código IBAN ES96 2080 0148 6331 1000 0013.
- Xustificante de Póliza de Seguro de responsabilidade civil por danos aos concorrentes e a terceiros que cubra a actividade nas barras ou nos postos de comida nos recintos do FIV derivado da autorización e xustificante de pago.
- Acreditación da constitución da garantía sinalada na cláusula 9ª. A garantía poderá prestarse en efectivo mediante ingreso na conta anteriormente sinalada, aval bancario ou contrato de seguro de caución.

A non presentación en prazo da documentación indicada conlevará a desistencia á autorización demanial. As licenzas ou autorizacións outorgaranse polo órgano competente aos que resulten adxudicatarios da poxa pública, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

#### **Mesa da Poxa:**

Constituirase e actuará para os efectos previstos no presente Prego, estando integrada polos seguintes membros:

Presidenta: Alcaldesa do Concello de Vilalba.

Vogal: Secretario do Concello de Vilalba.

Vogal: Interventora do Concello de Vilalba.

Vogal: Tesoureira do Concello de Vilalba.

Secretario: Un funcionario da Corporación.

#### **CLÁUSULA OITAVA.- Limitación de autorizacións, espazos habilitados e tipos de saída.**

Limítanse a **UNHA (1)** a autorización de uso común especial do dominio público, en réxime de concorrencia, para a instalación e explotación de barras nos recintos do FIV, mentres que limítanse a **SEIS (6)** a autorización de uso común especial do dominio público, en réxime de concorrencia, para a instalación e explotación de postos de comida nos recintos do FIV, dividíndose en dous lotes e estarán situadas nos seguintes espazos do dominio público local:

**LOTE 1.- Subministración, montaxe e explotación de barras para venda exclusivamente de bebida.**

**ESPACIO HABILITADO 1.A:** Escenario principal (Campo da Feira)

**Características das instalacións e datas autorizadas.**- Comprende a instalación (montaxe e desmontaxe) e explotación dunha barra de 20 metros situada no lateral do Campo da Feira os días **28 e 29 de abril** de 2023 entre as **19:00 horas e as 04:30 horas**, para a venda exclusiva de bebida para un total de 5.000 asistentes como máximo.

Deberá cumprir as seguintes especificacións:

- Barra de 20 metros, de madeira e sen cuberta.
- Deberán contar cun mínimo de 10 grifos, e un mínimo de 12 botelleiros.
- Sombrillas (mínimo de 10).
- Montaxe de zona anexa no campo da Feira para un mínimo de 100 persoas sentadas, e un máximo de grupo de ata 6 persoas, con materiais acordes ao montaxe das barras.
- Requírese que o servizo de venda de bebidas sexa atendido por un mínimo de 10 persoas de xeito simultáneo e ininterrompido durante toda a xornada no horario especificado.

**ESPACIO HABILITADO 1.B: Escenario emerxente (Praza da Constitución)**

Unha barra de 6 metros situada nos soportais da Praza da Constitución o día **29 de abril** de 2023 entre as **12:00 horas e as 16:30 horas** e o día **30 de abril** de 2023 entre as **12:30 e as 15:00 horas** para a venda exclusiva de bebida para un total de 2.000 asistentes como máximo.

Deberá cumprir as seguintes especificacións:

- Barra de 6 metros, de madeira e sen cuberta.
- Requírese que o servizo de venda de bebidas sexa atendido por un mínimo de 6 persoas de xeito simultáneo e ininterrompido durante toda a xornada no horario especificado.

**Especificacións comúns para o espacio 1.A e 1.B.**

- O personal deberá estar perfectamente identificado e coa indumentaria axeitada ó servizo que realizan.
- Os tres días de festival deberá contarse cun técnico para atención de avarías e resolución inmediata das mesmas.
- Deberán contar con material de servizo para a atención dos asistentes, axeitados ás demandas destes (vasos de diferentes tamaños e medidas, etc) así como a infraestrutura necesaria para a boa prestación do servizo de bebidas demandado (neveiras, refrixeradores, etc).
- Deberán contar con vasos retornables ou material sostible, co galo de reducir ou eliminar a produción de plásticos.
- Variedade do produto (bebidas tanto alcohólicas como non alcohólicas, refrescos, auga, zumes, etc.).
- Durante o horario de apertura e atención aos asistentes ao FIV, o adxudicatario non poderá quedarse sen subministro de ningún tipo de bebida ofertada.
- As barras contarán con deseño e imaxe de marca FIV de Vilalba. Para a inserción de calquera anuncio e/ou publicidade deberá contar coa previa autorización do Concello de Vilalba, como entidade organizadora do Festival, agás os referidos ó propio adxudicatario.

**LOTES:**

Lote 1: Localizacións 1.A. e 1.B. Tipo de saída **15.000 €**, mellorable á alza.

**LOTE 2.- Ocupación de espazo para postos de comida.**

**ESPACIOS HABILITADOS dende 2.A ata 2.F: Escenario Principal (Campo da Feira)**

Consistirán na ocupación e utilización dun espazo máximo de 4mts (longo)\*3 mts (ancho) e 2,8 mts (alto) para a instalación de seis (6) postos de venda de comida exclusivamente situados dentro do recinto do Campo da Feira para o venres 28 e sábado 29 de abril de 2023.

Deberán consistir nun servizo de comidas axeitado a un Festival (estándar): comida rápida, fría, etc... con preferencia de produtos km 0, opcións vexetarianas, debendo utilizar na medida do posible envases biodegradables reducindo o impacto dos plásticos.

Requírese que o servizo de venda de comidas sexa atendido por un mínimo de 2 persoas para cada espazo de xeito simultáneo e ininterrompido durante toda a xornada no horario especificado. Deberá estar perfectamente identificados e coa indumentaria axeitada ó servizo que realizan.

As instalacións serán en todo caso desmontables, con iluminación. Non obstante, poden empregarse remolques, camiión-restaurante, etc

O adxudicatario deberá de facerse cargo de forma conxunta, completa e indivisible dos espazos habilitados para servizo de comidas dentro das instalacións utilizadas para o festival, non podendo ceder a explotación a un terceiro.

Lote 2: Localizacións 2.A. Tipo de saída 500 €, mellorable á alza.

Lote 2: Localizacións 2.B. Tipo de saída 500 €, mellorable á alza.


Lote 2: Localizacións 2.C. Tipo de saída 500 €, mellorable á alza.

Lote 2: Localizacións 2.D. Tipo de saída 500 €, mellorable á alza.

Lote 2: Localizacións 2.E. Tipo de saída 500 €, mellorable á alza.

Lote 2: Localizacións 2.F. Tipo de saída 500 €, mellorable á alza.

### LOCALIZACIÓNS



**CLÁUSULA NOVENA.- Garantía.**

O autorizado deberá constituír unha garantía definitiva a favor do Concello de Vilalba por importe do 10% do importe do canon á alza ofertado, a cal se deberá achegar xunto coa documentación establecida na cláusula 7ª. De incumprirse entenderase que o licitador retirou a súa oferta.

Esta garantía responderá de posibles afeccións de mantemento, conservación e limpeza que puidesen producirse no espazo habilitado para a instalación da barra durante as tarefas de montaxe e desmontaxe, así como durante a celebración das festas patronais e devolverase unha vez finalizase a celebración das festas, e emitido o informe municipal de inspección con conformidade.

En caso de incautación, o importe das tarefas de mantemento, conservación e limpeza deducirase da garantía, previo expediente tramitado para o efecto, no que se garantizará a audiencia ao interesado. Será responsabilidade do autorizado coidar do estado en que se devolva o dominio público, non podéndose alegar como causa de exoneración a intervención de terceiros.

**CLÁUSULA DÉCIMA.- Infraccións e sancións.**

Considerarase falta toda acción ou omisión por parte do autorizado que supoña a vulneración das obrigacións establecidas no presente documento e, demais normas de xeral aplicación. As faltas clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ao maior ou menor prexuízo que se cause ao funcionamento da explotación.

1º.- Consideraranse faltas leves aquelas cualificadas así en calquera das cláusulas do presente documento, e en particular as seguintes:

- a) A falta de ornato e limpeza no establecemento ou a súa contorna.
- b) A falta de exposición en lugar visible para os usuarios, veciños e axentes da autoridade do título habilitante para o exercicio da actividade e do plano de detalle.
- c) Almacenar ou amontoar produtos, envases ou residuos na zona de dominio público excluída da concesión.
- d) A deterioración leve nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou lindeiros ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da autorización.

2º.- Consideraranse faltas graves aquelas cualificadas como tales en calquera das cláusulas do presente documento, e en particular, as seguintes:

- a) A ocupación de maior superficie da autorizada en máis do 10 e menos do 25 por cento.
- b) A produción de molestias acreditadas aos veciños ou transeúntes derivadas do funcionamento da instalación.
- c) A falta de presentación do título habilitante para o exercicio da actividade e do plano de detalle aos axentes da autoridade ou funcionarios competentes que o requiran.
- d) A colocación de publicidade sobre os elementos de mobiliario, sen a correspondente autorización municipal.
- e) A emisión de rúidos por encima dos límites autorizados. Igualmente, considerarase falta grave a reiteración ou reincidencia nunha mesma falta leve ou a comisión de tres faltas leves.

3º.- Consideraranse faltas moi graves, aquelas cualificadas como tal en calquera das cláusulas do presente documento, e en particular, as seguintes:

- a) A desobediencia aos lexítimos requirimentos dos inspectores e autoridades.
- b) O exercicio da actividade en deficientes condicións.
- c) A venda de artigos en deficientes condicións.
- d) O servizo de produtos alimentarios non autorizados.
- e) Incumprir as condicións técnicas de instalación e dotacionais sinaladas na autorización.
- f) A ocupación de superficie maior á autorizada en máis do 25 por cento.
- g) A produción de molestias graves aos veciños ou transeúntes derivadas do funcionamento da instalación por incumprimento reiterado e grave.
- h) Dedicación da instalación a uso distinto dos especificamente sinalados no presente documento, sen previa autorización municipal, se procedese.
- i) Non atender coa debida dilixencia a conservación do dominio público ocupado, mesmo en épocas en que estea autorizado a permanecer pechado.
- l) Subrogar, arrendar, subarrendar ou ceder en todo ou en parte a explotación. Igualmente, considerarase falta moi grave a reiteración ou reincidencia nunha mesma falta grave ou a comisión de 3 faltas graves.

- As faltas leves sancionaranse con multa de ata 150,00 euros.
- As faltas graves sancionaranse con multa de ata 1.000,00 euros.
- As faltas moi graves sancionaranse con multas de ata 6.000,00 euros, a intervención do servizo ou coa rescisión da autorización.

Transcorrido o prazo fixado para o ingreso da sanción económica sen que esta fixése efectiva polo autorizado, o Concello procederá á súa cobranza en vía de constrinximento coa recarga correspondente. Todas as sancións, imponse antes de ditarse resolución, darase audiencia ao interesado, por termo de dez días, con vista das actuacións.

**CLÁUSULA UNDÉCIMA.- Xurisdición competente.**

Este procedemento ten carácter administrativo e o órgano competente ten a facultade de resolver cantas cuestións suscítense durante a vixencia da autorización, sobre a súa interpretación, modificación, efectos e extinción, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos sinalados na Lei. As resolucións que dite o órgano competente no exercicio das súas prerrogativas serán inmediatamente executivas, poñendo fin á vía administrativa. Contra estas poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel da notificación da resolución ou ser impugnado directamente ante a Xurisdición contencioso-Administrativa.

**CLÁUSULA DUODÉCIMA.- Resolución da autorización.**

No caso de non celebrarse o FIV por decisión da organización do mesmo, motivada por razóns sanitarias e/ou de seguridade, non procederá indemnización ningunha ó adxudicatario. Neste caso procederase a devolución do canon abonado.

**ANEXO I****Solicitud/Inscripción previa****LICITACIÓN, POLO PROCEDIMIENTO DE POXA ABERTA (“A LA LLANA”), PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZA DE USO COMÚN ESPECIAL POR OCUPACIÓN TEMPORAL E EXPLOTACIÓN DE ESPAZOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL DURANTE O FIV 2023 (FESTIVAL INDEPENDENTE DE VILALBA)**

(PERSONA FÍSICA)

D./D<sup>a</sup> ..... con DNI. ...., domicilio en ..... , teléfono ..... e correo electrónico ..... , actuando en nome propio

(PERSONA XURÍDICA)

D./D<sup>a</sup> ..... con Documento Nacional de Identidade núm. .... actuando en nome da empresa ..... con CIF..... , domicilio en ..... , teléfono ..... e correo electrónico ..... , da que actúa en calidade de ..... (administrador único, solidario ou mancomunado ou apoderado solidario ou mancomunado) segundo Escritura de constitución/poder/elevación a público de acordos sociais, Núm. de protocolo ..... outorgado por ..... , con data.....na cidade de..... ,

Visto o Prego que rexe a adxudicación de licenza de uso común especial, mediante poxa, para instalación de expendición de bebida ou comida nos recintos de celebración do FIV 2023 (Festival Independente de Vilalba), aceptando integramente o seu contido, e a efectos de participar no citado procedemento, solicita ser admitido/a a participar na poxa convocada, no seguinte LOTE (marque o que proceda):

**LOTE 1.-** Subministración, montaxe e explotación de barras para venda exclusivamente de bebida.

**LOTE 2.-** Ocupación de espazo para postos de comida.

achegando para o efecto, a documentación a continuación exposta:

**A) Documentación acreditativa da personalidade xurídica do empresario.**

- **A-1) Empresario individual:** Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
- **A-2) Persoas xurídicas:**
  - Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.
  - Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.
  - Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (NIF).

B) Documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello, e da Seguridade Social

C) Alta no IAE

D) Alta de autónomo na Seguridade Social, no caso de persoas físicas, e como Empresa con obxecto adecuado no caso de persoas xurídicas.

En ....., a ..... de abril de 2023

Vilalba, 3 de abril de 2023. A Alcaldesa, María Elba Veleiro Fernández.

R. 0997

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A.

*Anuncio*

### INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente número: A/27/23806

Asunto: Solicitud de autorización para obras

Peticionario: Xunta de Galicia. Xefatura Territorial de Lugo - Consellería Medio Ambiente, Territorio y Vivienda

Nombre del río o corriente: río Eo y sus afluentes, río Rodil y sus afluentes, río Navia y rego de Survial do Couso

Punto de emplazamiento: varios

Término Municipal y Provincia: Baleira, A Fonsagrada, Negueira de Muñiz y Ribeira de Piquín (Lugo)

### **BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:**

La Xefatura Territorial de Lugo, de la Consellería Medio Ambiente, Territorio y Vivienda de la Xunta de Galicia, solicita autorización para llevar a cabo las obras definidas en el proyecto de "Restauración ecológica en la reserva de la biosfera Eo, Oscos y Terras de Burón", en los TT.MM. de Baleira, A Fonsagrada, Negueira de Muñiz y Ribeira de Piquín (Lugo).

En el citado proyecto se prevé la demolición del azud sito en el río Rodil, próximo al núcleo de Vilarpescozo (Ribeira de Piquín), con el fin de recuperar la continuidad fluvial del cauce.

Se proyectan, igualmente, labores en el dominio público hidráulico de erradicación de especies invasoras, limpieza y retirada de árboles muertos, y mejora de rutas fluviales.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 27 de febrero de 2023.- La Secretaria General, P.D. La Jefa del Área de Gestión del DPH (Resolución de 13/09/2017, BOE de 09/10/2017) María Esperanza Martínez Puebla.

R. 0610

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

### INFORMACIÓN PÚBLICA

**Expediente:** A/27/06161/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Comunidad de Regantes Caño de Benza

Nombre del río o corriente: Manantial Caño de Benza

Punto localización: Lugar de Pozo, parroquia de Santiago de Saa

Término municipal y provincia: O Páramo, Lugo

Caudal concedido: 0,29 l/s

Destino: Riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 17 de octubre de 1997

Registro de Aguas: 7134, Sección A, en el Tomo 0072, hoja número 034



**BREVE DESCRIPCIÓN:**

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de O Páramo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 24 de marzo de 2023.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0952

---

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Expediente: A/27/29247

Asunto: Solicitud de modificación de características de la concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Ganadería Coido Edrosa S.C.

Nombre de las captaciones: Un manantial y un pozo

Caudal solicitado: 0,60 l/s

Punto de emplazamiento: O Barral y Loboso, en la parroquia de Lagoa (San Xoán)

Término Municipal y Provincia: A Pastoriza (Lugo)

Destino: Usos domésticos y ganaderos

**BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:**

La modificación consiste en la incorporación de una nueva captación, de un manantial, cuyas aguas se recogen con una arqueta, desde donde discurren por gravedad hasta un depósito y desde éste a las instalaciones a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de A Pastoriza, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 28 de marzo de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 0953